

Malvela grava novo disco
en Torroso

Páxina IV

O Festival de Cans
regresa ao mes de maio

Páxina V

O Consello Veciñal
de Salceda comeza
a súa andaina con
44 colectivos

Páxina VII

Turismo de Tui atendeu
47.575 persoas
en 2021

Páxina IX

A Guarda xa ten
o seu calendario
fotográfico 2022

Páxina X

Zona Franca presenta
a súa nova sede no
Areal de Vigo

Páxina XIV

O Camiño de Santiago
enfrenta ao Concello de
Vigo coa Xunta

Páxina XVI



Novo goberno do Porriño

Páxina V

Entrevista



Enrique Cabaleiro González | Alcalde de Tui

"Tui sempre tivo claro a defensa e
promoción do Camiño Portugués
tradicional, o histórico"

Páxina VIII

M
INMOBILIARIA
MERCA VENDA

Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com



Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa Progreso, 34 - VIGO

Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506

OPINIÓN

Sinatura convidada: Roberto Mansilla Blanco

Este decisivo 2022

A política estatal abre folgos neste 2022 cun horizonte electoral a mediano e longo prazo: municipais en 2023 e autonómicas en Galicia e xerais previstas para 2024. Estas citas electorais poden definir as claves da política estatal para este novo ano que abre con perspectivas políticas enfocadas nese horizonte: reforma laboral e Orzamentos do Estado aprobados, e a chegada da primeira tanda de fondos europeos Next Generation.

Pero este 2022 tamén trae citas electorais en Castela e León e Andalucía. O momento vese, así, politicamente decisivo. Xa o vimos en decembro pasado. Pedro Sánchez xa anunciou que pretende agotar a súa lexislatura ata 2024. Analiza o presidente de goberno que a recente aprobación dos Orzamentos do Estado é unha especie de "carta de navegación" que lle permite manter en pe os delicados equilibrios dos seus apoios parlamentarios (vascos e cataláns) pero tamén a "bendición" de Bruxelas, vía fondos Next Generation. A sexta vaga da pandemia é outro cantar, toda vez a vacinación masiva avanza con resultados tanxibles pero o sistema sanitario estatal vese esgotado

tras dous anos de pandemia.

Pola súa banda, a vicepresidenta Yolanda Díaz "cabalga soa" vía reforma laboral con claras expectativas políticas de conformación dunha alternativa "de esquerdas" que está por ver a súa consistencia política e electoral. Pero Yolanda xa obtivo o seu primeiro "triunfo internacional", coa aparente "bendición papal", vía audiencia vaticana do Sumo Pontífice Francisco.

E aquí veñen as interrogantes: Teremos en Yolanda Díaz un novo rostro político de esquerdas en Europa e Iberoamérica nun 2022 tamén electoralmente estratéxico en Europa e América Latina? Non hai que esquecer o importante calendario electoral que temos para este ano: o vindeiro 30 de xaneiro, eleccións xerais en Portugal. E en maio, nada menos que eleccións presidenciais en Francia, con Macron buscando a reelección.

En América Latina, Colombia (maio) e Brasil (outubro) elixirán novos presidentes, con Chile entrando nunha nova fase coa volta dunha "nova esquerda progresista" en mans do recen electo presidente Gabriel Boric. E temos tamén un recen estreado (e histórico) tripartito de esquerdas en

Berlín, cos socialdemócratas, os verdes e os liberais trazando a "era post-Merkel". Por tanto, como encaixan Pedro Sánchez e Yolanda Díaz neste contexto político e electoral que se abre para 2022 e que denotan claves igualmente de calado xeopolítico para España, tanto en Europa como en Iberoamérica?



Seguímos coas expectativas en clave política e electoral: Yolanda Díaz aglutinará unha nova esquerda que finalmente termine mergullando ao "mundo PODEMOS" e "post-PODEMOS"? Que farán Pablo Iglesias, Monedero, Errejón, Belarra and company? Aguantará a coalición PSOE-UP na Moncloa cunha Yolanda Díaz que non esconde as súas aspiracións políticas?

Por outra banda, tamén está a oposición. Medrará VOX nas preferencias de voto, tal e como anuncian algunhas enquisas, mediatizadas por intereses políticos? E quen gañará o pulso Casado-Ayuso dentro do PP, cando moitos intereses políticos e mediáticos están igualmente concentrados en aupar a Ayuso, outra que tamén "voa soa", como Yolanda Díaz? Teremos tema electoral Yolanda-Ayuso para 2024? E tamén se asoma no plano político a "España Vaciada", un actor político e electoral a ter en conta.

Todo isto planea para este 2022 que nace con expectativas políticas e inquietudes socioeconómicas. Con vagas e novas cepas do virus, é tamén perceptible que entramos na etapa "post-pandemia". Pero, estamos tamén a piques de observar un novo tempo político?

Por Dr. Xosé M.^a Dios Diz, Médico especialista de AP de Outes

As últimas ocurrencias do "Dr. Feijoo"

Ocurrencias. (Dito ou feito gracioso e ingenioso que se lle ocorre a unha persoa. RAG).

Non se pode facer máis con menos (e o que dixo o contrario está no cárcere). Ca que está caendo da Pandemia, sumada aos recortes efectuados polo PP nos últimos 12 anos, fai que os orzamentos que se necesitan para unha atención sanitaria de calidade non se poda realizar.

No ano 2022 a realidade económica para a Sanidade Pública na Galiza, será máis do mesmo: menos orzamento que no 2021 (si contamos o IPC) e 72 millóns menos que no ano 2009, cando Feijoo chega o goberno da Xunta. Si a desculpa para non poñer os reforzos que se precisan en sanidade, é a "falta de Médicxs" é unha falacia (ver o meu artigo dedicado a ese tema publicado en Nós <https://www.nosdiario.gal/opinion/xose->

[ma-dios-diz/que-non-temos-medicos/20210818131611127276.html](https://www.nosdiario.gal/opinion/xose-ma-dios-diz/que-non-temos-medicos/20210818131611127276.html)). No MIR anual, preséntanse 13.000 licenciados e convocan 6.500 prazas. Médicxs hai e moi bxs: quedan 6.500 todos os anos sin praza; o que non hai é a vontade política necesaria, e a inversión correspondente, para darlles traballo na Sanidade Pública e optan por marcharse a servizos sanitarios que prestixen a profesión de Médicx e lles de estabilidade e un salario digno, algo que na Galiza é imposible como se demostra que non teñen profesionais para suplir xs que se ausentan dos consultorios.

As últimas "ocurrencias" do SERGAS, pasan por recuperar xs Médicxs xubilados, por inventar unha nova categoría profesional onde o/a Médicx traballa en AP e a maiores fara Gardas, suprimir dun plumazo a actividade de determinados cupos Médicxs e incluso servizos, sexan de PAC ou cupos

de Centros de Saúde, bloquear axendas de Médicxs, aumentar a Burrocracia inútil para realizar informes e certificados que non valen para nada, e a última (ata que veña a seguinte ocurrencia) é de que como xs Médicxs de AP "non están satu-



radxs" fagan tamén agora de RASTREXADORXS, co cál as consultas, convírtense nun maratón de cousas prescindibles e deixar de atender o que verdaderamente

é importante como a clínica do día a día.

Vemos que a capacidade de reacción da administración é moi escasa e sempre en contra de todxs (só co apoio do grupo do PP) e dende logo, non vai na dirección axeitada de levar a cabo as conclusións do Consello Técnico de AP, nas súas 15 Comisións Técnicas, creadas para facer un Novo Modelo de AP na Galiza. Teñen as conclusións dende novembro do 2020 e no caixón siñen.

O de pechar os 14 servizos en Vigo e no Baixo Miño, dende logo é unha REPRESENTACIÓN pola enorme mobilización realizada en A Garda, acto que se corresponde co malestar da xente, que xa non se cre as mentiras de Feijoo e está saíndo as rúas en moitas localidades de Galiza (chuvia fina que culminou, pero non terminou, ca masiva manifestación de Compostela).

A idea xeral das mobilizacións, é dicirlle a Feijoo que: ou dedica máis orzamento ó Sistema Sanitario Público, ou as secuelas que déixe esta falta de atención de calidade, serán unicamente responsabilidade súa.

O que está sucedendo, é unha pena, pero ésta é a realidade...e cada día que pasa irá a peor!

Por Manuel Estévez

O Carballo das apertas, na Vía da Prata

Érguese cedo, acostuma a tomar o pequeno almoço no Cafe Bagatela, perto do seu estudio nunha buhardilla da Rúa Areal, mesmo altura da Paellera, o último refuxio de Diz, despois de ser pasto das chamas o anterior, ubicado na Finca de Matías en O Calvario.

Durante a súa longa traxectoria, estivo instalado en diferentes do territorio vigués, rúas Escuelas Nieto, López de Neira, Urzaiz, Pizarro, Don Bosco, Camelias, Alcabre, Teis, sen esquecer a época dourada en San Adrian de Cobres en Pontevedra, desde onde partía cada noite para perderse cos amigos en espazos de ocio e tertulia. Co inesquecible Andrés do Barro no Topaz, Rafael Amor no Rincón dos Artistas ou deslocalacións ao Charango, para a conversa con Pablo Milanés, Joaquin Sabina ou aqueles que xa non están, Luis Eduardo Aute, Javier Krahe, tamén camarada e irmán, Suso Vahamonde, así como Pucho Boedo que tampouco está.

Sendo un neno, convidábano a repicar as campás na "bene vivere", na terra olívica de fartura, 137 canizos, alí onde os pais rexentaban unha panadería, para logo estudar piano e tocar outros instrumentos que garda no taller, ateigado de cadros, onde non hai lugar para máis.

A armónica acompañan sempre, durante

as andainas, outra das aficions, inclusive abeirando o Miño no seu paso por Belesar, mesmo Camiño de Inverno en dirección a Porta Santa, dos que conta con moitos certificados por haber alcanzado a Berenguela.

Na terraza do Novo Derby, na rúa Urzaiz de Vigo, comparte día a día mesa e mantel cos amigos, intelectuais, artistas, xornalistas, editores, pintores e con Eusebio, aquel outro amigo emprendedor chantadino que chegara a Vigo desde Outeiro de Mariz, eido onde tivera a ilusión noutro de tocar o saxo ou trompeta, soño non feito realidade, decañándose pola hostalaría, a veces ataviado cun mantel estampado con notas do pentagrama e retratado polo pintor nonaxenário coa capa da Irmandade dos Viños Galegos, cadro pendurado na sala, onde se poden ollar outras obras saídas do mesmo taller de Secundino Diz, pintor chegado a este mundo en San Sebastian hai 90 anos, un día 4 de febreiro e rexistrado en Creciente no 9 do mesmo mes, fillo de Octavia Vázquez e Secundino Diz Prieto, o pai panadeiro, oriundo das terras do Paradanta ou de Covelo, concello que durante a época do mandatario Pepe Costas, o artista, non só percorreu todas as freguesías para trasladalas as acuarelas, senón que lle encargaron a restauración das pinturas do retablo de ánimas policromado

do cruceiro, obra do Mestre Cerviño o mesmo canteiro que tallou o de Hío.

Na tertulia, acompañado sempre de "un cubata" debuxa e conversa con uns e con outros, entre eles o editor Bieito Ledo, ourensán de Padroso en Xunqueira de Ambía, por onde transcurren os peregrinos, Vía da Prata, onde existe un -Querqus robura quen acaba de inmortalizar a través da súa impronta plástica e poética

-O Carballo das apertas-

En Xunqueira de Ambía ergue altivo e frondoso arraigado na fraguía o carballo do Padroso.

Xeneroso, oferta abrigo ao peregrino cansino prestando boa sombra ao pé do Camiño

apertas recibe o carballo do camiñante agradecido aínda queda un treito pra abrazar o Santiaguíño.

O carballo e meu, di Bieito tamén e ledos por ser voso o carballo e de todos os que pasan Padroso.

Sinte o vello carballo emocións que non delata por abrazos que lle dades na anterga Vía da Prata.



Con certeza o poema dedicado ao carballo que aínda non figura no catálogo de Árbores Senlleiras, vai ser un de tantos que escritores e poetas recoñecidos presentarán nunha xuntanza, neste enclave peregrino e de interacción humana coa natureza, no seu paso por terras de Xunqueira de Ambía, concretamente polo berce do Fillo Predilecto Bieito Ledo, que tamén é de Vigo, cidade onde forxou "Ir Indo" que deu a luz a Enciclopedia Galego Universal e outros moitos títulos como tamén recollerá os que sexan cantados o exemplar do patrimonio verde de Padroso nun día grande de Festa anual.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03

NOVAS de TURONIO
xornal galego da Área Metropolitana de Vigo

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

LOURINHA

Malvela grava novo disco en Torroso

O emblemático grupo mo-sense, Malvela, do que forma parte a cantante Uxía, realizou en dúas xornadas a gravación do seu novo disco que está previsto sala á luz a vindeira primavera. A gravación realizouse nas instalacións do Centro Dotacional de Torroso que alberga a Escola Municipal e Conservatorio Profesional de Música de Mos.

As Malvela recibiron, mentres gravaban en Torroso, a visita da alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e da concelleira de Política Social e Igualdade, Participación Cidadá, e Cultura e Turismo, Sara Cebreiro.



As representantes municipais, Arévalo e Cebreiro, déronlles ánimos nesta nova andadura musical e felicitáronas pola súa extensa e exitosa carreira e por ser "auténticos exemplos de mulleres rurais empoderadas, artistas e profesionais dun sector, o musical, aínda con predominancia masculina".

Prospección arqueolóxica do Castro de Pereiras en Mos

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, reuniuse en Santiago de Compostela co Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, para tratar, entre outros temas, a segunda campaña arqueolóxica no Castro de Pereiras, que data da Idade de Ferro.

A Xunta custeará esta segunda fase da prospección tras a primeira financiada pola Comunidade de Montes de Pereiras, de quen partiu a iniciativa de coñecer e estudar en profundidade o xacemento. En setembro de 2021 foi posible unha primeira campaña de esca-



vación arqueolóxica dirixida a identificar restos arquitectónicos relacionados coa existencia do xacemento prehistórico.

Como parte do proxecto, realizáronse varias actividades de divulgación dos resultados dos

traballos e visitas guiadas a máis de 350 persoas. A consolidación da vivenda castrexa e escavación de sondaxes por un arqueólogo director, un adxunto de dirección, un restaurador e tres auxiliares conta cun orzamento de 18.071€.

Éxito no Desfile de Rondallas entre O Porriño e Mos

O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo valorou "o comportamento admirable" do público que presenciou o desfile conxunto de rondallas de Mos e O Porriño celebrado o pasado 2 de xaneiro. O alcalde agradeceu tamén o

"magnífico traballo da Policía Local e Protección Civil".

O desfile conxunto de rondallas tivo unha numerosa presenza de espectadores e máis de 10.000 visualizacións nas redes sociais a través das canles de Facebook e YouTube do Concello.

O Goberno do Porriño reúne cos veciños das parroquias



O alcalde Alejandro Lorenzo e o concelleiro, Bienvenido Estévez, responsable de Parroquias no goberno municipal reuníronse con integrantes da nova "Asociación de Veciños e Veciñas das parroquias e polígonos de Torneiros"

para coñecer de primeira man as demandas máis urxentes da veciñanza. Este encontro é o primeiro dunha ronda de visitas e reunións coas diferentes asociacións de veciños de todas as parroquias que vai manter o actual goberno municipal.

BNG Porriño pide acordo con ADIF polo paso de nivel



O BNG do Porriño propón á corporación municipal demandar que o soterramento da vía do tren para eliminar o paso a nivel permita conectar o casco urbano co Paseo do Louro, e trasladar este acordo plenario tanto ao Ministerio de Fomento como

a ADIF.

Os nacionalistas piden unha ampliación do tramo até superar o cruce coa rúa Xogo da Ola, xa que permitiría gañar unha gran superficie de uso público sobre a vía soterrada, que comunicaría o entorno do río co centro da vila.

Goberno do Porriño prescinde de cinco coches para aforrar "gastos innecesarios"

O goberno local que preside Alejandro Lorenzo anunciou que prescindirá de cinco vehículos -os de máis luxo e cilindrada- do parque municipal para aforrar "gastos innecesarios". Son o tres SEAT Ateca, o Mini Cooper e o Renault Megane que foron adscritos á Alcaldía, concelleiros do goberno municipal e á Policía Local.

Os cinco vehículos supoñen o 20% do custo, é dicir, 56.572 € de euros de aforro, da operación de renting por un importe total



de 627.602 euros que realizou en 2019 o anterior equipo de goberno para renovar o parque municipal. O goberno municipal dispón dun informe xurídico solici-

tado á Deputación de Pontevedra que conclúe que a resolución deste contrato de renting sería viable "por cuestións de interese público".

Novo goberno do Porriño

O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo fixo público o reparto de responsabilidades e delegacións entre os seus concelleiros. Destaca a creación das áreas de Atención Cidadá e Transparencia que dependerán da concelleira Antía Estévez.

Tamén é novidade subliñable a creación da área de Terceira Idade que desenvolverá Ascensión Rosario Costa. Trátase dunha concellería específica para dar resposta ás necesidades dos nosos maiores e garantir que a nosa vila ofrezca a calidade de vida que merecen, traballando conxuntamente co resto de departamentos.

A distribución de áreas e delegacións é a seguinte.

O propio alcalde, levará as áreas de Economía e Persoal.

Abel Estévez, que será o primeiro tenente de alcalde levará Seguridade, Policía Local, Protección Civil, Voluntariado, Deportes e Benestar Social.

Carolina González, segunda tenente alcalde, desenvolverá as



delegacións de Educación, Uned e Programas Europeos; Igualdade; Sanidade e Normalización Lingüística.

Ramón Porto será o concelleiro responsable de Vías, Obras e Servizos.

Antía Carrera levará Urbanismo, Patrimonio Municipal do Solo, Contratación, Comercio, Mercado, Atención Cidadá e Transparencia, e Medio Ambiente.

José Carlos González terá as

competencias de Parques e Xardíns; Limpeza; Lixo e Cemiterios.

Bienvenido Estévez colle as competencias de Traída de Augas Veciñais; Asociacións; Parroquias; Novas Tecnoloxías; Xuventude; Cultura e Festas.

Por último, **Ascensión Rosario Costa** asume a nova área de Terceira Idade e ademais as deegacións de Industria, Turismo, Formación e Emprego.

BNG O Porriño quiere que o Concello compre "Villa Florida"



O BNG rexistrou unha moción solicitando do pleno da corporación un acordo para a compra por parte do Concello do Porriño do conxunto arquitectónico "Villa Florida", na rúa Manuel Rodríguez. A moción contempla que a edificación teña un uso cultural e que os xardíns se abran á veciñanza do Porriño.

"Villa Florida" é un conxunto

residencial de arquitectura ecléctica de influencia francesa e promoción indiana, construído entre finais do século XIX e comezos do XX polo matrimonio formado por Manuel Rodríguez e Angelina Bonín. O edificio está catalogada pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia. Actualmente pertence aos descendentes de Don Francisco Arias e Dona Matilde Antonia Avendaño.

BNG: "EU-SON e PSOE entregaron a alcaldía do Porriño ao PP"

A dirección nacional do BNG responsabilizou a EU-SON e PSOE da entregar a alcaldía ao PP, lamentando a "falta de debate" e a activación de "negociacións que priorizaron sempre a persoas e cargos diante de iniciativas e proxectos para mellorar a vida do concello".

Criticou a "estratexia de blo-

queo que EU-SON compartiu co PP nos plenos, culminou coa negociación dunha moción de censura que fixo dimitir a Eva García e que serviu finalmente para entregarlle o bastón de mando a Alejandro Lorenzo" así como a "irresponsabilidade do PSOE ao non negociar unha persoa candidata de consenso para a nova investidura".

BNG denuncia discriminación da Xunta co Porriño

Durante a visita ao Porriño do vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, o BNG porriñés acusou ao actual alcalde Alejandro Lorenzo (PP) de non defender ao municipio en aspectos relevantes como a falta de persoal sanitario no Centro de Saúde, a reforma integral do



CEIP Fernández López, e as políticas sociais e de coidados.

O Festival de Cans regresa ao mes de maio

A XIX edición do Festival de Cans regresará en 2022 ás súas datas habituais de primavera, e terá lugar entre o mércores 18 e o sábado 21 de maio, volvendo a coincidir en datas co Festival de Cannes francés. Así o anunciou a asemblea da Asociación Cultural Arela, entidade organizadora do certame, comunicando desta decisión aos veciños de Cans que prestan as súas casas e xalpoons, ás empresas patrocinadores e institucións colaboradoras como o Concello do Porriño, a Deputación de Pontevedra, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Cultura.



terio de Cultura.

Por outra banda, o Festival de Cans acadou datos positivos na súa última edición de 2021, con 7.500 espectadores. Desta cifra,

unhas 6.000 persoas asistiron de xeito presencial ás proxecións, concertos e actividades do festival, e outras 1.500 persoas conectáronse de xeito virtual.

Mos alenta a corta de árbores en zonas habitadas

O concelleiro de Medio Ambiente Sostible de Mos, Leo Costas, informou da caída dunha gran árbore de 20 metros na parroquia de Peleiras, co obxectivo de concienciar

aos veciños e propietarios sobre a necesidade de cortar os exemplares próximos ás casas para evitar o perigo que representan.

Costas explicou que, entre os

danos causados pola árbore, atópase a intransitabilidade de parte do Sendeiro dos Muíños da Salgueira, que se atopa inhabilitado no tramo do Albán.

LOURINHA

SALCEDA DE CASELAS

Entran en vigor as medidas do Concello de Salceda de Caselas para paliar os efectos da subida do IBI

O Pleno da Corporación Municipal de Salceda de Caselas ven de aprobar por unanimidade as medidas fiscais encamiñadas a minimizar as consecuencias e corrixir as inxustizas derivadas do procedemento simplificado de valoración catastral iniciado pola Dirección Xeral de Catastro no Concello de Salceda.

En concreto o goberno municipal puxo en marcha cinco medidas durante todo o proceso: Creación da oficina de atención á veciñanza; Ampliación do prazo para a presentación de recursos;

Aprazamento dos atrasos; Baixada do tipo impositivo do 0,5% ao 0,4%; Bonificacións e exencións.

Estas últimas medidas consisten na modificación da Ordenanza Fiscal nº21, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, sendo a baixada do tipo impositivo que pasa do 0,5% ao 0,4%, a exención de todos os recibos de menos de 7 euros e a bonificación do 90% que afectará a máis de 10.000 parcelas, as que teñen un impacto directo sobre a economía da veciñanza.

As parcelas sen construción susceptibles destas bonificacións

son por un lado as que teñen aplicado por catastro o coeficiente corrector "G" e contan con menos de 450 metros cadrados de superficie, e por outro lado as que teñen aplicado por Catastro o coeficiente corrector "H" por inedificabilidade temporal.

Estas bonificacións poderán solicitarse anualmente antes do 1 de xaneiro do exercicio no que deba surtir efecto, pero excepcionalmente para este primeiro ano de aplicación o prazo de solicitude amplíase ata o 1 de marzo de 2022.

Nos próximos días farase chegar



á todas as vivendas as instrucións e o modelo de solicitude, que se pode atopar na páxina web do concello, e que deberá ser entregada no rexistro xeral ou a través da sede electrónica.

Estamos ante a aprobación da maior bonificación do IBI da historia do Concello de Salceda e de todos os Concellos da contorna, que dará cabida a máis de 10.000 parcelas que se atopan en situa-

ción de inedificabilidade pero dentro do núcleo, e nas que dende sempre consideramos que se producían as situacións máis inxustas.

Estas medidas fiscais van a ter un importante impacto nas contas municipais, pero ante un procedemento desta magnitude o equipo de goberno demostra unha vez máis estar ao lado da veciñanza aportando solucións.

Salceda acada tres flores de honra no certame Vilas en Flor na súa segunda participación

O Concello de Salceda de Caselas ven de recibir o galardón que outorga o certame Vilas en Flor 2021, conseguindo aumentar a distinción ao subir de dúas a tres flores de honra na súa segunda participación, avalando o traballo continuo que ven desenvolvendo o Concello na mellora e potenciación dos espazos verdes urbanos, a súa xestión sostible, a educación ambiental e a concienciación cidadá co coidado da contorna. O diploma foi recibido na gala anual, que este ano se celebrou no patio da Fábrica de Curtidos

"Familia Nogueiras" de Allariz.

No pasado mes de setembro, o xurado visitou o noso municipio acompañado por Lucía Pereira, Concelleira de Turismo; Loli Castiñeira, Tenente de Alcaldesa e Verónica Tourón, Alcaldesa de Salceda. O xurado, formado por persoas profesionais de recoñecido prestixio dos sectores do viveirismo, a xardinería, o paisaxismo e o turismo valorou moi positivamente o traballo desenvolto nos últimos anos polo Concello de Salceda, en aspectos como as humanizacións, a creación e mantemento das sendas fluviais



e outros espazos verdes, ou a creación de máis de vinte aparcadoiros disuasorios no casco urbano, que permiten unha maior seguridade peonil, ademais de facilitar o estacionamento e a

fluidez do tráfico rodado. Outro dos recoñecementos do xurado foi a aposta e instalación de elementos novedosos para a mellora da biodiversidade como o hotel de insectos.

Porriño, Baiona, Salceda e Mos lideran os contaxios da sexta onda

A sexta onda da COVID-19 coa variante ómicron está provocando un aumento exponencial e vertixinoso de contaxios en Galicia.

Para mediados de xaneiro, un total de cinco Concellos da área viguesa, O Porriño, Baiona, Gondomar, Mos e Salceda, superaron a incidencia estatal con máis de 3.000 contagios de covid por 100.000 habitantes.

Pola súa banda, Gondomar, Nigrán e Cangas tamén roldan a taxa 3.000 na área sanitaria, que pasa os 16.000 positivos, a metade deles en Vigo. Na parte baixa da táboa está Covelo, con 538 casos por 100.000 habitantes, por riba do limiar de risco extremo.

A área sanitaria de Vigo elevou a súa cifra de enfermos activos a máis de 16.000 persoas, das que a metade son da cidade de Vigo e a outra metade repártense entre os 25 concellos restantes.

Os populares de Salceda doaron dúcias de quilos en alimentos

Un ano máis, o grupo Popular no Concello de Salceda, que forman Joaquín Núñez, Ana Cristina Pérez, Primitivo González, Ángela Valcárcel, Noelia Pérez e o seu voceiro, Santiago Rodríguez Davila, veñen de anunciar a doación de alimentos posto que indican que "a solidariedade non so se demostra en frases, slogans ou titulares, hai

que practicala e demostrala con probas fehacientes e palpables".

Este ano doaron dúcias de quilos de alimentos, destinados ao Banco de Alimentos Municipal, así como 300 € que serán entregados o Hospital Sant Joan De Déu, (a través da familia salcedense que ten na mesma unha nena - Sofía - que ten esta enfermidade chamada rara).



SALCEDA DE CASELAS

O Concello de Salceda entrega os premios do seu 1º Concurso #ConSalceda de Pinchos e Tapas



O Concello de Salceda de Caselas entregou os premios do 1º Concurso "Consalceda Pinchos e Tapas", tralo éxito obtido nesta primeira edición celebrada entre o 19 e o 28 de novembro. Os establecementos gañadores recibiron os galardóns de mans da alcaldesa Verónica Tourón, e da presidenta de ACISA, Elisa Rodríguez Vaqueiro, nun acto celebrado na Casa da Cultura de Salceda.

Os establecementos premiados tras a votación popular realizada ao longo do concurso foron: na categoría de tapa, o 1º premio para La Marujita, coa tapa Arepa Galega, e o 2º premio para O Recuncho, coa tapa Recunquinhos. E na categoría de pincho, 1º

premio Cafetería Altamira, co pincho Terra e Mar, e o 2º A Tabertenda, co pincho Ecomexillón.

No mesmo acto realizouse o sorteo de tres vales entre as persoas que degustaron as tapas e os pinchos: un vale de 100 euros aportado polos locais participantes para consumo nos seus establecementos, un vale de 300 euros aportado polo Concello de Salceda para o consumo en todo o comercio local, e un vale de 500 euros aportado por ACISA (Asociación de Comerciantes e Industriais de Salceda) para consumir nos establecementos asociados.

Tamén se fixo entrega dos agasallos directos ás persoas que

completaron a ruta selando en todos os establecementos participantes.

Con esta iniciativa a alcaldesa e concelleira de comercio quixo poñer de relevo a marca #ConSalceda, coa finalidade de convertela nunha referencia e seguir dinamizando e dando visibilidade ó comercio e a hostalería local, axudando así a un dos sectores máis afectados pola pandemia, e que sufriu restricións que non lles permitiron desenvolver a súa actividade de xeito normal, con limitacións en horarios e aforos, ademais de peches. Así como acentuou "a colaboración e aportación da asociación de comerciantes e dos establecementos que participaron".

O Consello Veciñal de Salceda comeza a súa andaina con 44 colectivos



Na última sesión plenaria do ano aprobouse por unanimidade a creación de cinco consellos sectoriais, despois de acordalo na sesión constitutiva do consello veciñal do pasado 16 de decembro. Estes consellos sectoriais son: Consello de Educación, Mocidade, Infancia e Saúde; Consello da Cultura; Consello de Medio Ambiente e Medio Rural; Consello do Deporte; Consello de colectivos Veciñais, Muller e Persoas Maiores.

Do mesmo xeito que o Consello Veciñal, as funcións dos Consellos Sectoriais serán consultar, informar e propoñer sobre as cuestións que lles afecten no seu ámbito, informando ao concello sobre os problemas específicos do seu sector, propoñendo solucións e

alternativas aos problemas da súa área de actuación, definindo as prioridades de inversión que proporán ao Consello Veciñal para o seu debate e traslado ao concello, e facer seguimento dos acordos adoptados sobre as súas propostas.

O rexistro de asociacións segue aberto e tamén segue aberta a opción de participar no Consello, a través da solicitude e nomeamento da persoa representante.

A participación veciñal é un compromiso do goberno, considerando indispensable que os elementos dinamizadores da vida social teñan unha participación activa na vida política do Concello e actúen como complemento enriquecedor da democracia representativa.

Colexio Plurilingüe

"LA INMACULADA"

Premio 2017 á Excelencia Educativa

Dende 1905 en Ponteareas



BAIXO MIÑO

TUI

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Enrique Cabaleiro González | Alcalde de Tui

"Tui sempre tivo claro a defensa e promoción do Camiño Portugués tradicional, o histórico"

Enrique Cabaleiro González (PSdeG/PSOE) é desde 2015 o alcalde do Concello de Tui. O rexedor tudense falou dos efectos da pandemia

neste municipio, da eurocidade Tui-Valença, do Camiño Portugués, o pulso coas eólicas e a Axenda Urbana Sostible, entre outros temas.

Os problemas da pandemia, como afectaron ao comercio de Tui?

En Tui, ao igual que no resto do país, a pandemia afectou de xeito moi negativo ao comercio local, que xa arrastraba anos de dificultade ante a aparición de novos modelos de comercio e tamén a hostalaría. Aínda que no caso de Tui hai dous elementos que agravaron esta situación: por unha banda, un longo peche perimetral que aillou ao noso Concello durante máis de tres meses; e por outra, non podemos esquecer que somos un territorio fronteirizo, polo que moita da actividade comercial e hostaleira está sustentada polo consumidor portugués, co que as restriccións e o peche fronteirizo con Portugal agravou a situación se cabe aínda mais. **O recente cambio de goberno en Valença do Minho, define unha nova etapa para a Eurocidade con Tui?**

Si. Sempre un cambio político leva consigo a renovación de persoas e, polo tanto, tamén de ideas, polo que é de prever que iniciaremos unha nova etapa no

ámbito da relación con Valença, aínda que as extraordinarias relacións dentro da Eurocidade sempre estiveron por riba de cuestións políticas ou persoais. De feito estamos xa traballando en deseñar proxectos de cara ao novos fondos europeos para desenvolver proxectos estratéxicos conxuntos.

Camiño Portugués pola Costa. Está Tui consolidándose como o concello clave para a súa difusión?

Tui sempre tivo claro a defensa e promoción do Camiño Portugués tradicional, o histórico, sen entrar a valorar outras variantes que se foron creando. Onde si houbo un cambio de posición respecto de ese trazado foi en Portugal, onde Turismo Porto Norte oficializou o trazado do Camiño pola Costa ata Valença. Os nosos esforzos temos que centralos en mellorar os servizos públicos e tamén os privado para dar ós peregrinos unha atención especializada e de calidade, coidando o noso entorno e a profesionalidade dos actores privados.

Tui rexeitou xunto a Gondomar o proxecto do parque eólico de "A

Paraguda", na entrada do Monte Aloia. Como afecta este proxecto ao ecosistema tudense?

O parque eólico da Paraguda afecta a tres parroquias de Tui, Malvas, Pazos de Reis e Randufe. Dada a súa proximidade ao Parque Natural do Monte Aloia, para nós é inaceptable a súa ubicación nun espazo natural único que ten que gozar da máxima protección por parte das administracións, ao marxe do dano ambiental que xa de por si xeneran os eólicos en canto á invasión e deterioro do territorio, polo que as administracións competentes deben buscar alternativas máis sostibles que non sexan a invasión e degradación do medio natural.

Tui é considerado un exemplo a nivel estatal na implementación da Axenda Urbana Sostible. Como está acometendo o goberno municipal a sensibilización cidadá de cara á Axenda 2030?

Un dos grandes hitos de esta lexislatura sen ningunha dúbida, foi conseguir ser un dos quince concellos de toda España de menos de vinte mil habitantes



ao que se lle otorgou a concesión dunha subvención para desenvolver un plan piloto de Axenda Urbana. Isto vai a significar que comezaremos a levar a cabo actuacións en materia de comunicación, planificación e, como non, tamén de participación veciñal, que é unha das claves deste plan piloto. Nestes momentos estamos no proceso de contratación destes traballos.

Como valora o Concello de Tui o feito de que o Centro Mestre Clara Torres recibira o Premio Escola do Ano?

É todo un orgullo para este Concello que o noso Centro Rural Agrupado Mestra Clara Torres recibise esta distinción, polo que ten de recoñecemento e de posta en valor do ensino no rural e tamén porque pon de manifesto

que, dende a Galicia profunda, se exercen labores pedagóxicos vangardistas e de moito nivel, o cal tamén significa un recoñecemento implícito á traxectoria dos e das mestras que traballaron neste proxecto educativo durante moitos anos.

Que valoración fai Vde. do que pasou no veciño Concello do Porriño a nivel político?

Como Alcalde de Tui non podo entrar a valorar o que sucede noutro Concello a nivel político, sobre todo a un Concello que lle teño un especial cariño, xa que alí estudiei o Bachelato, pasei unha parte importante da miña xuventude e teño moi bos amigos e amigas. Aínda que cando as cousas remataron politicamente como remataron, é que algo non se fixo ben.



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

"Acende o Xacobeo" ilumina a Catedral de Tui

A fachada norte da Catedral de Tui permaneceu nestas festas de Nadal iluminada co logotipo da celebración do Xacobeo 2021-2022, no marco da iniciativa "Acende o Xacobeo" promovida pola Xunta de Galicia de iluminación dos lugares máis emblemáticos dos Camiños de Santiago en Galicia.

A iluminación tivo lugar nun total de 52 edificios das catro provincias galegas durante as fins de semana de Nadal, para lembrar o Ano Santo Xacobeo 2022. En 2021, esta iniciativa tamén expandiuse a centos de lugares a nivel mundial, destacando cidades como Londres, Dublín ou Torn, en Polonia. No



caso de Tui, o seu alcalde Enrique Cabaleiro lembrou que a Catedral de Santa María é a única existente no Camiño Portugués.

Paralelamente, a segunda edi-

ción do "Acende o Xacobeo" tamén tivo seu concurso fotográfico aberto nas redes sociais baixo os hashtags #AcendeOXacobeo ou #EnciendeELXacobeo.

Turismo de Tui atendeu 47.575 persoas en 2021

A Oficina Municipal de Turismo do Concello de Tui atendeu ao longo do pasado ano 2021, a un total de 47.575 visitantes que visitaron e solicitaron información para a súa visita e estadía na cidade.

Deles, 30.579 son turistas de procedencia española e 2.431 de orixe internacional. Entre as procedencias dos turistas internacional destaca Portugal con 954 (39,2% dos turistas estranxeiros), México con 868 (35,7%), Francia con 131 (5,3%) ou Alemaña con 62 turistas (2,5%).

Pola súa banda os peregrinos acadaron a cifra de 14.567 con-



sultas atendidas na Oficina de Turismo, 7.654 de procedencia española e 6.611 de orixe internacional, destacando 3.673 peregrinos de Portugal (25,2% do total de peregrinos), 719 de Ale-

maña (4,9%), 347 de Italia (2,3%), 257 de EEUU (1,8%) ou 183 da República Checa (1,2%) aos que seguen Francia (142 peregrinos), Polonia (140), Reino Unido (131) ou os Países Baixos (112).

Programa Coidando-Me dirixido a coidadores familiares de persoas dependentes

Está aberto o prazo de inscrición para o programa psicoeducativo "Coidando-Me" dirixido a coidadores familiares de persoas dependentes que comezará proximamente. Organizado polo Concello de Tui e impartido por AFAGA ten por obxectivo informar e formar sobre diferentes patoloxías que xeran dependencia e estratexias prácticas para o coidado, ao tempo que busca fomentar e propor aspectos de autocoidado e orientar aos participantes sobre recursos sociais e de apoio para as situa-

cións de dependencia.

Ao longo de 12 sesións, que se impartirán os xoves de 10.30 h a 12 h, os participantes terán acceso a formación e información da man dunha psicóloga, unha enfermeira, un fisioterapeuta, unha traballadora social e un avogado.

Ofértanse quince prazas. A inscrición está aberta no departamento de Servizos Sociais do Concello de Tui no 986 60 36 25 ext 54 ou no 607 194 175. O impreso de solicitude pode descargarse da web municipal www.tui.gal.

Remata a rehabilitación da fonte e lavadouro de Chans en Randufe

O Concello de Tui vén de rematar as obras de rehabilitación da fonte e lavadouro de Chans, en Randufe, ao abeiro da Liña II das axudas para actuacións de corrección



de impactos paisaxísticos xestionadas polo Instituto de Estudos do Territorio.

Consistiron no selaxe de fugas de auga, demolición dos muros de ladrillo enfoscados con morteiro de cemento, ampliación dos muros laterais con pedras de granito sen desbastar, picado das xuntas de morteiro de cemento dos muros e rexuntado con morteiro tradi-

cional a base de cal, execución de pavimento de laxes de granito, colocación dunha varanda de aceiro inox para protección no perímetro da represa, colocación dun emboquille de pedra na saída da auga da fonte, retirada da tubaxe de PE pegada ao muro lateral de pedra con morteiro de cemento e da pedra de inauguración con símbolo franquista.

Óptica mahen
mahen audióprótesis
Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

PONTEAREAS
rúa senén canido, 4

CONFITERIA

Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

BAIXO MIÑO

A GUARDA

A Guarda xa ten o seu calendario fotográfico 2022

O Concello da Guarda editou o seu calendario fotográfico 2022, como primeira acción de promoción turística para este novo ano, mantendo a temática da auga e do mar como elemento unificador, sen esquecerse do patrimonio e as festas.

As fotografías foron aportadas por tres veciños que comezaron a colaborar co Concello. Posteriormente, acordouse a creación do Grupo Capturando A Guarda.

A sinatura do contrato de cesión de fotografías entre o Alcalde e os integrantes do Grupo Cap-



turando A Guarda, Lecio Alonso, Dionisio Ameal e Emilio Baz realizouse este 10 de xaneiro.

O calendario fotográfico Concello da Guarda será distribuído

entre veciños, visitantes e turistas. Hai dispoñibles 4.000 exemplares e poderán recollese na Oficina de Turismo e na Casa dos Alonso.

Zona Franca enfoca no sector da flor do Baixo Miño



O Consorcio da Zona Franca analiza as posibilidades de apoio ao sector da flor cortada e planta ornamental, que conta cunha produción relevante na área de Vigo. Con este obxectivo realizará un estudo específico deste sector na zona do

Baixo Miño. Regades, acompañado polo alcalde da Guarda, Antonio Lomba, recibiu aos directivos da primeira empresa galega do sector, Flores Toxal, con sede na Guarda, que presentou un plan de investimento para crecer un 10% anual ata 2030.

A Deputación concede subvencións para retirar simboloxía franquista

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Patrimonio e do departamento de Memoria Histórica, axudará a seis concellos da provincia (Baiona, A Guarda, As Neves, Pazos de Borbén, Ponte Caldelas e Salceda de Caselas) a retirar simboloxía franquista de diferentes construcións no seu espazo público.

A deputada de Memoria Histórica

María Ortega subliñou a valentía dos concellos solicitantes para cumprir coa Lei de Memoria vixente, e salientou que abrirán camiño para que en vindeiras edicións sexan máis os municipios que se interesen en erradicar as conmemoracións ou lembranzas do franquismo que aínda se conservan. Destacou a nacionalista que a importancia das actuacións non está

no seu custe económico, senón na simboloxía e no interese amosado desde os gobernos por retirar elementos que están vencellados coa ditadura e por cumprir os principios de 'verdade, xustiza e reparación'.

No Concello de A Guarda eliminarase a simboloxía franquista da Praza de Abastos e da fonte –lavadoiro da Silveira grazas aos 1.762,20 euros de subvención.

Na Praza de Abastos será retirada a placa conmemorativa de mármore branco con 'ribete' en negro con cravos de bronce que inclúe o xugo e as frechas da Falanxe ademais da inscrición 'Deputación Provincial-Cooperación e os anos 1956-1957 e 1958-1959. Tamén se retirará a placa da fonte da Silveira ou da Piollosa, de material indefinido e repintado en varias



ocasións no que destaca na parte central o xugo e frechas da Falanxe.



A GUARDA

Ministro de Facenda da República Dominicana visitou A Guarda

O día 30 de decembro o Alcalde da Guarda, Antonio Lomba, recibiu no Concello da Guarda a Jochi Vicente, Ministro de Facenda da República Dominicana, de descendencia guardesa.

Jochi Vicente é un destacado economista, graduado Summa Cum Laude na Pontificia Universidad Católica Madre y Maestra (PUCMM), especialista na industria de consultoría financeira e de xestión. É ministro de Facenda desde agosto de 2020.

Antonio Lomba agradeceu a súa visita e aproveitou esta oportunidade para recordar os lazos



que unen á vila da Guarda coa República Dominicana, grazas a súa historia e ao irmanamento

existente, entregando tamén nesta ocasión algúns agasallos vencellados á nosa vila ao Ministro.

A Residencia Monte Santa Tecla recibiu aos Reis Magos

O 4 de xaneiro as súas Maxestades de Oriente, Melchor, Gaspar e Baltasar aproveitaron a súa chegada á vila da Guarda para visitar aos maiores na Residencia da Terceira Idade Monte Santa Tecla, nunha xornada moi animada na que non faltaron os bailes e a música nunha tarde chea de ilusión, diversión e alegría. Os Reis Magos foron recibidos previamente polo alcalde da Guarda, Antonio Lomba.



Finalizadas as obras no Club de Remo Robaleira

Un convenio entre o Concello da Guarda e a Secretaría Xeral para o Deporte fixo posible o financiamento de obras de mellora club de remo Robaleira ante o deterioro da cuberta do edificio.

Estas obras contaron cun

orçamento total de 29.383,49 €, dos cales 23.506,80 € os achegou a Secretaría Xeral para o Deporte e 5.876,69 € foron achega municipal. Tanto o concello como a Secretaría Xeral para o Deporte participan neste proxecto co obxectivo de potenciar o deporte base.

Inspección técnica de ciclomotores na Guarda

A Unidade Móbil 9 de inspección técnica de ciclomotores desprazarase ao Concello de A Guarda os días 17 e 18 de febreiro á Estación de Servicio San Roque.

O horario de atención será de 9:00 a 13:30 pola mañá, e

de 15:15 a 18:00 pola tarde. O servizo prestarase en horario de mañán e tarde o día 17 e só de mañán o día 18.

Pódese solicitar cita previa no teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web: www.sycitv.com - Cita previa.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Gracias

50

Pompas Fúnebres del Condado

desde 1964



Arbo



Pontareas

PONTEVEDRA

A provincia de Pontevedra, imaxe do novo selo de Correos coa catedral de Tui

A Deputación de Pontevedra vén de coñecer que a Dirección de Filatelia da Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos resolveu que ao longo do 2022 vai emitir e poñer en circulación un selo de correo conmemorativo da provincia correspondente á serie "12 meses. 12 selos".

Deste xeito a provincia será protagonista a través dunha imaxe do claustro da Catedral de Tui que servirá para espallar por boa parte da xeografía estatal o seu patrimonio cultural, artístico e monumental.

Deste xeito, a partir do 3 de xaneiro, o selo da catedral de Tui, cun valor de 0,75 euros, acompañará ás cartas de ata 20 gramos que circulen na Península



e Baleares e empregárase como único tipo de franqueo en todos os envíos que se admitan nas oficinas da provincia. A imaxe do selo, que ten un tamaño de 35x24,5 mm, está conformada

polo claustro da catedral de Tui sobre a que figuran as iniciais da provincia "PO". De estilo románico e gótico, a catedral de Santa María de Tui foi iniciada no século XII.

Deputación achega 377.000€ para rehabilitación do patrimonio provincial

O Departamento de Patrimonio da Deputación de Pontevedra aprobou o reparto de 376.824,55 euros en axudas para proxectos de rehabilitación do patrimonio histórico cultural en toda a provincia. En total financiaranse 47 actuacións de posta en valor da riqueza patrimonial en concellos de todas as comarcas mediante a súa recuperación e mellora.

Na zona sur da provincia os investimentos serán os seguintes:

O Condado-Paradanta reúne oito actuacións subvencionadas por valor de 43.597,54 euros: Arbo destinará os fondos ao proxecto de obras de rehabilitación do casco histórico, 3.017,18 euros (67,21%); A Cañiza, 4.608,60 euros (100%) para a conservación do peto de ánimas de Vilariño en Santiado de Parada; Covelo, 12.421,86 euros (100%) para a intervención arqueolóxica no recinto do Castelo do Faro; Crecente, 3.000 euros (100%) para a sinalización do patrimonio histórico cultural; Mondariz, 3.590,95 euros (100%) para a sinalización in-

terpretativa da parroquia de Sabaxáns e da igrexa de Mouriscados; As Neves, 3.242,80 euros (100%) para a sinalización do patrimonio do municipio; Ponteareas, 9.623,15 euros (89,26%) para a rehabilitación do peitoril de Ponte Maceira; e Salvaterra de Miño, 4.093 euros

(100%) para a limpeza e instalación de empedrado de lastros no cruceiro das Arras.

A comarca do Val Miñor fai pleno de subvencións para todos os seus concellos e recibirá do departamento de Patrimonio provincial 45.881,48 euros: Baiona 6.097,89 (83,58%) para a rehabilitación do lavadoiro de Riveira; Gondomar 26.207,58 euros (41,11%) para a conservación e mantemento no eido da casa Peralba; Nigrán, 10.381 euros (100%) para a limpeza, roza e sinalización da contorna dos muíños de Rodas; e Oia, 3.195,01 euros (100%) para a sinalización da contorna natural do pozo do



Eido da casa Peralba en Gondomar.

Arco e Pozas de Lourezá.

O Baixo Miño recibirá, pola súa banda, 47.205,08 euros que se investirán en cinco actuacións de mellora: A Guarda recibe 5.286,63 euros (64,32%) para a recuperación da fonte lavadoiro da Silveira; O Rosal, 4.767,40 euros (100%) para a mellora e redescubrimento do castro da Bandeira e os seus arredores; Salceda de Caselas, 5.445 euros (100%) para a restauración e posta en valor do peto das ánimas da Bugarina; Tomiño, 20.392,55 euros (100%) para a rehabilitación do lavadoiro Fonte do Ramo; e Tui 11.313,50 euros (100%) para a sinalización do patrimonio cultural da vila.

Plan REACPON en Tomiño



A Deputación de Pontevedra e o Concello de Tomiño asinaron o convenio do Plan REACPON para a construción na parroquia do Seixo do novo "Espazo Isaura Gómez", proxecto adxudicado e cuxas obras poderán comezar este mesmo mes de xaneiro.

Cun importante investimento de 1.740.586,11€, dos que a Deputación achega 1.108.423,05€ e o Concello 632.163,06€, o novo edificio estará situado moi próximo á Praza do Seixo que xa contou cunha achega do Plan DepoRemse,

polo que este novo espazo socio cultural continuará facendo da zona un lugar de convivencia da cidadanía.

O novo espazo público levará o nome de Isaura Gómez dedicado a esta muller tomiñesa da parroquia de Figueiró, defensora de valores como a xustiza, a igualdade e a liberdade. Sufriu de preto a Guerra Civil e a represión franquista pero en ningún momento deixou de estar do lado das persoas que tiñan máis dificultades e necesidades, converténdose así nunha referente.

Deputación de Pontevedra presentará o destino Rías Baixas en FITUR



En palabras da presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, a entidade provincial presentará o destino Rías Baixas nesta próxima edición da Feira Internacional de Turismo, FITUR, en Madrid, nun stand allexo a TurGalicia "para evitar a confrontación que a Xunta parece perseguir en na que xalles anunciou que non nos van encontrar".

O incidente débese á imposición comunicada o pasado 29 de decembro polo goberno galego á Deputación de ocupar as cinco cadeiras da primeira fila do stand na presentación da institución

provincial, "o que nos causou enorme sorpresa por ser unha actitude inexplicable cando en todos os nosos actos en FITUR as e os protagonistas son os concellos amais do sector turístico da provincia".

A Deputación remitiu unha carta á Xunta na que incidía en que non se entendía esta situación e que por suposto invitaba e propoñía sentar na primeira fila ao Conselleiro, á Directora de Turismo ou a aquela ou aquel representante no que delegara a Administración autonómica. Posteriormente, a Xunta respondeu que ese stand "pertence á Xunta de Galicia".

Advirten da crise da atención primaria en Vigo e Baixo Miño

A plataforma en Defensa da Sanidade pública de Tomiño, ante a situación existente na área sanitaria de Vigo e na comarca de colapso da atención primaria pola sobrecarga asistencial derivada da Pandemia polo Covid - 19, advertiu da crise estrutural deste sector, con déficit de profesionais pola falta de adecuación dos cadros de persoal as necesidades poboacionais, a non renovación de xubilacións, baixas e vacacións, con demoras e masificación na asistencia, como



consecuencia dos recortes nos orzamentos aplicados polos sucesivos gobernos do Partido Popular.

Na actualidade, os orzamentos na Atención Primaria apenas su-

poñen o 12 % do orzamento sanitario total, que volve a baixar un 2% nos actuais presuposto presentados polo PP no parlamento Galego. Evidentemente é insuficiente e é urxente incremental.

Oia alegará contra o parque eólico Merendón

O Concello de Oia presentará alegacións contra o parque eólico do Merendón polo seu impacto ambiental. Para tal fin contratou a unha empresa especializada, a cal xa está a traballar na análise da documentación sometida a información pública desde o pasado 23 de decembro. O prazo para a presentación de alegacións conclúe o próximo 14 de xaneiro.

Este parque prevé un total de 5 aerogeneradores, dous deles en Oia e tres no Rosal. O Concello de Oia ten creado un apartado específico na web municipal onde vai actualizando a información dispoñible sobre os parques eólicos que afectan ao municipio. Así, o Concello convocou unha reunión informativa o vindeiro 11 de xaneiro para abordar, ante a veciñanza, o caso do parque do Merendón.

Biblioteca Municipal de Tui realizou 10.255 préstamos en 2021

A Biblioteca Pública Municipal de Tui realizou ao longo de 2021 un total de 10.255 préstamos de libros (cunha media de 852 préstamos ao mes) dun total de 3.881 obras e que foron emprestadas por un total de 759 usuarios da Biblioteca tudense.

Esta cifra supón un notable incremento con relación ao 2020 que por mor dos efectos do confinamento e demais medidas restritivas unicamente acadaron os 4.545 préstamos. A Biblioteca Municipal tudense conta na ac-



tualidade con 32.464 volumes, o que supón unha cifra en torno ao 1,8 volumes por habitante do concello. Así mesmo, a biblioteca celebrou este 11 de

xaneiro o "Día dos usuarios das bibliotecas" con diversas actividades como sorteos de lotes de libros e diplomas para lectores de honra.

Mancomunidade do Baixo Miño denuncia grave situación sanitaria



A Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño comezará a mediados de xaneiro unha rolda de concentracións para denunciar o deterioro que está a sufrir a atención primaria nos centros de saúde da comarca.

Ante esta realidade, a Mancomunidade convoca para os meses de xaneiro e febreiro catro concentracións conxuntas no Rosal, Tomiño, Tui e A Guarda para trasladar ao Sergas e á Xunta a necesidade de adoptar medidas de forma urxente.

A 15ª fase da ARI permitirá investir na rehabilitación de vivendas do conxunto histórico de Tui máis de 150 mil euros

O novo convenio da Área de Rehabilitación Integral, ARI, do Concello de Tui, asinado en Santiago entre o Ministerio de Mobilidade e Axenda Urbana, a Xunta de Galicia e o Concello de Tui permitirá por en marcha a 15ª Fase de actuacións no Conxunto Histórico de Tui.

Nesta nova fase investiranse na rehabilitación de vivendas dentro da ARI 158.500 €, dos que o Goberno Central aporta 63.400 €, o Concello 20.500 €

e a Xunta de Galicia 16.383 €. Os 58.217 € restantes corren a cargo dos beneficiarios das axudas.

Na actualidade a Oficina de Rehabilitación da ARI ten en marcha tres fases (12ª, 13ª e 14ª), sumando este mes a 15ª fase, que permitirá a rehabilitación de oito vivendas no Conxunto Histórico de Tui.

Da Fase 12ª están executadas todas as actuacións e estase pendente das últimas xustificacións para dala por rematada.

A Fase 13ª ten en marcha catro actuacións, que se prevé rematen no primeiro trimestre de 2022.

Aprobada a Ordenanza reguladora das Axudas, estase traballando dende a Oficina de Rehabilitación na Convocatoria e apertura de prazo para a solicitude de axudas da 14ª Fase, que se prevé sexa publicada no prazo aproximado dun mes. Posteriormente procederase á unha nova Convocatoria con cargo á 15ª Fase recentemente asinada.

Deputación destina case 2,5 millóns€ para cofinanciar servizos sociais comunitarios

A Deputación de Pontevedra mobiliza este 2022 preto de 2,5 millóns de euros (2.481.074€) para o Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais dos 51 concellos de menos de 20.000 habitantes.

A Xunta de Goberno aprobou as bases deste plan, que asigna 1,2 millóns de euros para sufragar a prestación directa do Servizo de Axuda no Fogar nos domicilios

por parte de persoal especializado, e outros 1,2 millóns para cubrir os custos do persoal dos Servizos Sociais Comunitarios, a fin de garantir unha prestación pública de calidade neste ámbito.

Esta modificación beneficia principalmente aos concellos de Arbo, As Neves, Crecente, Cuntis, Meis, O Rosal, Pontecesures, Portas, Rodeiro e Vilaboa, que suman un total de 60.145€ a maiores na súa asignación.

MISCELANEA

Zona Franca presenta a súa nova sede no Areal de Vigo

O Consorcio da Zona Franca de Vigo descubriu a escultura El Abrazo, de Andrés Conde, na súa nova sede de Areal, nun acto de posta en servizo do edificio, que se abre aos cidadáns, asociacións, colectivos, emprendedores, empresas e startups para todo tipo de actividades.

No mesmo acto, coa presenza do delegado do Estado, David Regades; o alcalde de Vigo e presidente do Consorcio, Abel Caballero; e a presidenta da Deputación provincial, Carmela Silva, descubriron os segredos da reforma

de edificio histórico, o máis chamante un pozo con escaleira de pedra de acceso, que permanecera oculto durante décadas.

O Consorcio da Zona Franca de Vigo ofrecerá toda a planta baixa deste histórico edificio vigués para que se poidan organizar desde reunións a cursos coas facilidades que dá atoparse en pleno centro da cidade.

Varias salas de diferentes tamaños, aulas e o propio auditorio, de 140 metros cadrados e 126 prazas, que son ampliables, configuran a oferta aberta á cidade para a que se establecerá un sis-

tema para a reserva de espazos.

David Regades destacou que “as oficinas do Consorcio ocupan en Areal menos espazo, pasamos de 2.700 m2 en Bouzas a menos de 2.000 en Areal e engadimos novos ingresos cos alugueiros de Bouzas, onde en xaneiro a ocupación será do 80%, para seguir investindo na economía da área de Vigo”, sinalou.

A nova sede de Zona Franca en Areal é un edificio con moita historia. O seu primeiro propietario foi Fernando Carreras, un empresario que retornara de Cuba e encargou o proxecto da súa casa



familiar a Manuel de Uceda, da Academia de San Fernando de Madrid.

A obra terminouse de construír en 1865 e foi un fito no seu momento. Constituíu o primeiro gran palacete residencial moderno da época e os vigueses facían longos

paseos para contemplalo. Iniciou unha serie de edificios indianos na cidade, que despois continuaron outros, como o porriñés Manuel Rodríguez co edificio Bonín da rúa Areal co Porto ou José García Barbón coa Escola de Artes e Oficios.

Paloma Castro preséntase ás primarias do PSdeG de Pontevedra

A deputada pontevedresa Paloma Castro reinvidicou a súa precandidatura á Secretaría Xeral do PSdeG da provincia de Pontevedra “en positivo” e “a carón da militancia”. Decidiu “dar o paso” de encabezar a candidatura defendendo “un proxecto en positivo de esquerdas, feminista e participativo para fortalecer o partido a carón da militancia”.

Castro é a primeira muller que opta á secretaria provincial do PSdeG de Pontevedra. Nada en Pontevedra en 1981, Castro é licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña e exerceu, durante máis dunha década, como avogada especialista en dereito



civil, dereito de familia, dereito penitenciario e violencia de xénero. No plano político, foi concelleira de Benestar Social no

Concello de Pontevedra e, dende o ano 2020, é deputada e viceportavoz do Grupo Socialista no Parlamento de Galicia.

Gonzalo Caballero: "é terrible a situación do SERGAS en Vigo"

O portavoz parlamentario do PSdeG, Gonzalo Caballero, denunciou a “terrible e gravísima decisión” do Sergas de pechar consultas en 14 centros de saúde da área de Vigo (Navia, Nicolás Peña, Beiramar, Casco Vello, Matamá e Teis) e que

tamén afectan a Concellos como O Rosal, A Guarda, Oia, Moaña, Ponteareas, O Porriño e Tomiño.

Caballero advertiu que isto “é unha alerta do que pode ocorrer no futuro noutros lugares de Galicia”. Censurou a política de “recortes da Xunta do PP tras 12

anos de políticas contra a sanidade pública”. Lembrou que o PSdeG levou o ano pasado á Comisión de Reactivación do Parlamento onde defendeu a creación de 5.000 novas prazas estable na sanidade pública e a estabilidade laboral.

Marta Fernández-Tapias, nova presidenta do Partido Popular de Vigo



Novo ciclo político no Partido Popular de Vigo. No XIII Congreso do PP vigués celebrado este 18 de decembro, a actual Delegada da Xunta de Galicia en Vigo, Marta Fernández-Tapias Núñez, alcanzou a vitoria nas eleccións primarias deste partido, alcanzando 300 votos a favor por 222 do seu rival, o senador Javier Guerra.

Marta Fernández-Tapias gañou nas catro mesas electorais nas que puideron exercer o seu voto os 615 afiliados do PP vigués que tiñan as súa cotas ao día.

A elección de Marta Fernández-Tapias como nova presidenta pón fin ao período transitorio exercido pola xestora que rexiu os destinos do PP vigués dende as eleccións municipais de 2019.

A nova presidenta do PP vigués xa amosou a súa intención de concretar un proxecto plural de participación das bases do partido e de ampliación de militantes, abrindo as portas desta nova etapa ao seu rival nas primarias, Javier Guerra e ao seu equipo, coa intención de crear un PP unido e fortalecido de cara ás eleccións municipais de 2023.

San Brais 2022 volve a quedar sen furanchos

Tal e como ocorreu en 2021, a crise sanitaria impedirá de novo á parroquia viguesa de Bembrive abrir os seus furanchos de San Brais 2022.

Este ano, o San Brais 2022 vai camiño de quedar de novo sen o seu viño e choripán. Non pinta nada ben para a romaría máis popular de Vigo. Xa hai un ano a crise sanitaria tan só permitiu os actos relixiosos, con misas pero sen procesión. Non houbo entón panos bendicidos polo santo nin venda de viño. Moito menos de comida.

Nesta ocasión, todo apunta a que a celebración será de novo moi contida. A falta dunha nova reunión a varias bandas, o San Brais 2022 limitárase a unha carpa no centro de Bembrive, co mesmo formato da Festa dá Sidra. E é que tanto a comisión de festas, como a Asociación de Veciños, o alcalde pedáneo e o Concello de Vigo están de acordo en que vai ser difícil abrir os furanchos.



Tradicional furancho en Bembrive.

Situación sanitaria

A sexta onda mantén a incerteza sobre as restricións, pero a estas alturas xa se sabe que o próximo 3 de febreiro, día de San Brais, a situación sanitaria seguirá sendo delicada. A concentración de miles de persoas durante esa xornada e a fin de semana que lle precede, 1 e 2 de febreiro, fai inviable a celebración tradicional.

Este 10 de xaneiro estaba previsto un encontro dos responsables da organización co alcalde, pero

foi suspendida. A día de hoxe, a proposta da comisión de festas é utilizar unha carpa para celebrar actos oficiais e música, pero non consideran posible poder controlar a afluencia masiva de visitantes se se abren os furanchos.

"Ten mala pinta"

O propio alcalde pedáneo de Bembrive, Marcos Castro, asegurou este luns en Radio Vigo que a celebración "ten mala pinta". San Blas foi declarada Festa de Interese Turístico de Galicia en 2019.

Somos Ribadumia: "logramos avances para o noso centro de saúde"



Somos Ribadumia informou da adopción dunha solución para a recuperación do servizo de pediatría no centro de atención primaria de Ribadumia, a través dunha reunión entre o seu representante Ricardo Fontán e o xerente da EOXI Pontevedra-Salnés, Xosé Ramón Gómez, para analizar a situación do centro de saúde.

Ribadumia, ao igual que a

Illa de Arousa con quen comparte pediatra, leva máis de un ano sen este servizo, tendo as familias que levar ás crianzas ao centro de saúde de Cambados. Por iso Somos Ribadumia propuxo que o pediatra sexa compartido co Concello de Meis, que tamén carece deste servizo na actualidade. Outro asunto a tratar foi a dotación do terceiro médico no centro de saúde de Ribadumia.



**LA PARADA**

GASOLINERA, CAFETERÍA Y SUPERMERCADO 24H

TELF. 986 484 444


A QUEIMADIÑA A-52 SALIDA 291

O Camiño de Santiago enfronta ao Concello de Vigo coa Xunta

O alcalde de Vigo, Abel Caballero, volveu a desprezar o atractivo turístico que o Camiño de Santiago ten para Vigo e dixo que é “insignificante” comparado coas luces de Nadal, ao que a Xunta respondeu que ambas as cousas son compatibles mentres se preguntou pola orixe da “xacobeofobia” do rexedor.

Este novo enfrontamento entre ámbalas dúas administracións á conta do Ano Santo ten a súa orixe nunhas declaracións do vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, nas que expresou a súa esperanza de que 2022 sexa o ano dunha recuperación liderada polo Xacobeo.

O rexedor vigués reaccionou con acritude e sarcasmo. “A algunhas cousas non damos crédito, prodúcenos verdadeira estupefacción. Parece ser que o señor Feijóo e o señor Rueda confían a recuperación económica de Galicia en 2022 ao Xacobeo”, dixo Caballero para supoñer que non se estaban referindo a Vigo. “En Vigo, turismo chámase Nadal”, senten-



Abel Caballero.

ciou Caballero.

A Xunta responde

Os datos de Caballero non parecen coincidir cos da Xunta, segundo a cal o 25% dos peregrinos que chegan á capital galega fano por o Camiño Portugués, nas súas dúas vertentes, a do interior e da Costa, que atravesa o termo municipal de Vigo.

Así o volveu a lembrar a delegada do Goberno galego en Vigo, Marta Fernández-Tapias, para quen a relevancia turística do Camiño está fóra de toda dúbida, como o está a súa capacidade de xerar emprego e riqueza. Neste sentido, lembrou que ata a propia ministra



Marta Fernández-Tapias.

de Industria, Comercio e Turismo, Reyes Maroto, recoñeceu que é “o principal activo turístico de Galicia e un produto turístico consolidado internacionalmente polo seu atractivo único”.

Para Fernández-Tapias, este novo ataque ao Xacobeo é “todo un absurdo” nado da estratexia política do alcalde vigués de buscar “confrontación” co Goberno galego, o cal non pensa entrar nesa dialéctica. “Pódese estar a favor das luces e a favor do Xacobeo, non é incompatible”, engadiu Fernández-Tapias, quen non lle atopa sentido á “xacobeofobia” de Caballero.

BNG Mos pide a dimisión da concelleira de Servizos Sociais



Gustavo Barcia, voceiro do BNG Mos.

O BNG de Mos pediu a dimisión da concelleira de Servizos Sociais, Sara Cebreiro, trala indignación expresada polas familias usuarias dos servizos sociais pola organización con motivo do acto de entrega dos regalos de Nadal.

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Gustavo Barcia, criticou que, en vez de entregarlle os agasallos ás familias coa discreción que esixe a xestión dos servizos sociais, o goberno do PP optou por celebrar un evento, na mañá do 5 de xaneiro, onde as meniñas e os meniños foron

pasando, un a un, para recibir os agasallos de mans dos Reis Magos. A reportaxe fotográfica, na que aparecen tamén integrantes do equipo de goberno, foi publicada posteriormente nas redes sociais do Concello, onde moitas persoas cualificaron de “humillante” o trato dispensado ás familias.

O BNG de Mos anunciou que presentará no próximo pleno unha moción para reclamar que o goberno municipal “deixe de aproveitarse de colectivos vulnerables” e esixirá un maior rigor no uso de fotografías con menores de idade.

HUMOR

ANTOMS

